

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A FUNDACIÓN PACO LAREO. A SOLAINA DE PILOÑO PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DE FOMENTO DA CULTURA GALEGA

En Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019

REUNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, publicado no DOG número 243, do 21 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Dona Carmen Lareo Morao, con DNI número 33167050S, na súa condición de presidenta da Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño, con CIF G36243764 e domicilio social no lugar de Piloño 36586 Vila de Cruces (Pontevedra), que actúa no nome e en representación da devandita fundación segundo as facultades que se lle otorgan na acta de data 6 de xuño de 2015, do seu nomeamento como presidenta da citada entidade.

EXPOÑEN

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego. No ámbito da

Administración autonómica galega, correspóndenlle á Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Políticas Culturais, as competencias en materia de política lingüística e a promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia.

2. Que as partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade e tamén, colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades privadas e públicas, para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.

3. Que as fundacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor dinamizador da lingua e cultura galegas. Concretamente unha destas entidades é a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño que ten como obxectivo principal impulsar todo tipo de actividades culturais e artísticas e que dende a súa creación foi consciente da necesidade de crear un tecido solidario que contribúa ao acceso á cultura da poboación rural, apostando polas actividades socioculturais como nexo de unión entre os pobos.

4. Que a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co nº 1995/15, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e que ten como obxectivo principal manter vivo o Museo A Solaina de Piloño, promovendo e apoiando a súa labor a prol de recopilar e conservar a lingua e a cultura galegas.

5. Que a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño, foi creado por un dos artistas mais significativos da comarca do Deza o pintor, escultor e escritor Francisco Lareo Morao, que puxo en marcha o proxecto como unha iniciativa de dinamización sociocultural. Trátase dun espazo adicado á cultura en xeral, que reúne diversos traballos e

manifestacións artísticas, ademais de acoller encontros de escritores, artistas e músicos nun lugar onde é posible o intercambio de ideas e a organización de faladoiros.

6.Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver ao abeiro do convenio, soamente poderán levarse a cabo pola citada entidade que, ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia fundación. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

7.Que a Consellería de Cultura e Turismo e a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño que teñen un interese común e coincidente que é o de promover e potenciar a lingua e a cultura galegas, manifestan a súa vontade de colaborar, xa que a consellería considera de especial interese para o fomento da lingua e da cultura galegas as actividades que desenvolve esta entidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2019 , que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Políticas Culturais e a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño para a realización de actividades de fomento da lingua e da cultura galegas.

Segunda.- Obrigas da Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño

Mediante a sinatura deste convenio, a fundación comprométese a realizar en lingua galega a XV Forxa Literaria das Artes. O contido da forxa abarca dende homenaxes a persoeiros da cultura galega ata recitais músico-poéticos. Os participantes nesta forxa literaria crean obra, trocan opinións, experiencias, sentimentos e participan nas actividades programadas

(ponencias, mesas redondas, percorridos, contacontos, recitais poéticos,.....). Editarán un libro cos poemas recitados e os resultados e conclusións da forxa literaria.

Así mesmo, nesta forxa literaria, se levará a cabo un acto homenaxe, coa colocación na parte exterior da fundación dunha escultura adicada a un persoeiro da cultura galega.

A fundación encargárase de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos de que dispón para a súa realización.

As partes convenientes, compartirán a titularidade das publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre as ditas publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **4.426,00 €**

A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Políticas Culturais colabora cun importe total de **4.000,00 €**, coa seguinte desagregación:

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización destas accións cunha achega económica por importe de **2.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 11.40.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

A Dirección Xeral de Políticas Culturais colaborará na realización destas accións cunha achega económica por importe de **2.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

A fundación achegará a cantidade restante de **426,00 €** para a realización das actividades previstas no convenio.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Políticas Culturais, a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2019 a seguinte documentación:

- . Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Os gastos xustificaranse con facturas.
- . Unha certificación de que as contas anuais da fundación foron presentadas ao protectorado e depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (art.38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego).
- . Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- . No caso de que se publiquen traballos entregaranse nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura e Turismo.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento a entidade deberá presentar:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística será o órgano competente encargado de comprobar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos. Unha vez comprobada a documentación, o Secretario Xeral de Política Lingüística emitirá certificado ao respecto que será enviado á Dirección Xeral de Políticas Culturais para que tramite o correspondente documento contable OK e o remita a Secretaría Xeral de Política Lingüística para continuar coa tramitación do expediente para o seu pagamento.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A fundación facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura e Turismo, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da Lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2019. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, dous representantes da Dirección Xeral de Políticas Culturais e dous representantes da Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu

desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura e Turismo pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo treceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua e da cultura galega.

Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais.

2. Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros

requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste convenio <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e www.asolaina.org conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

3. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

4. As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade da persoa nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

5. Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico sxt.cultura.turismo@xunta.gal e, á sede da Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño Rúa Paxariñas, 27 B Cerdeiriñas, 36586 Piloño. Vila de Cruces (Pontevedra) ou no seu correo electrónico info@asolaina.org. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es)

Décimo quinta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaránselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura e Turismo

A presidenta da Fundación Paco Lareo. A
Solaina de Piloño

Román Rodríguez González

Carmen Lareo Morao